



Concello de Outeiro de Rei

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS POLO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Art. 1.- Obxeto:

É obxeto das presentes bases, con carácter xeral, estruturar e fixar os criterios, procedemento e réxime ó que debe axustarse a concesión e xustificación de subvencións a Entidades, Organismos, colectivos cidadanos sen ánimo de lucro e particulares para a realización e programas que fomenten a cooperación entre o sector público e as asociacións, a participación dos cidadáns na actuación municipal así como a realización ou prestación de servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

Considerarase subvención calquer auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, que outorgue o Concello e, entre eles, as becas, primas, premios e demais gastos de axuda personal.

As subvencións a que se refiren as presentes normas otorgaranse de acordo cos principios de obxetividade, concurrencia e publicidade, garantizando a transparencia nas actuacións administrativas. A tales efectos, o órgano competente para conceder subvencións establecerá, de non existir, e de forma previa á disposición dos créditos, as oportunas bases reguladoras da concesión.

As presentes normas axústanse á Lei 38/2.003, de 17 de noveembro, xeral de subvencións e á normativa estatal de réxime local, contida fundamentalmente na Lei 7/1.985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1.955, polo que se aproba o Regulamento de Servicio das Corporacións Locais. Así mesmo, axustaranse á normativa autonómica que resulte de aplicación en cada caso.

Art. 2.- Previsión presupostaria:

As subvencións concedidas conforme ó disposto nas presentes Bases, outorgaranse con cargo ás partidas 3.48 e 4.48 que, a este efecto, se fixen con carácter anual nos presupostos municipais.

Art. 3.- Criterios xenerais:

a) As subvencións tendrán carácter voluntario e eventual e a súa concesión non implica obrigatoriedade por parte do Concello e non crea dereito nin establece precedente algún para futuras concesións.

b) A Corporación poderá revocalas ou reducilas en calquer momento, salvo cláusula en contrario.

c) Non será esixible aumento ou revisión da subvención.

d) Non se concederán subvencións para finalidades que o Concello pode cumprir por sí mesmo con igual eficacia e sen maior gasto que o representado pola propia subvención.



Concello de Outeiro de Rei

e) As subvencións outorgaranse con arreglo ós principios de publicidade, transparencia, concurrencia, igualdade; Eficacia no cumprimento dos obxetivos fixados pola Administración outorgante; eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Art. 4.- Peticionarios:

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente ordenanza, calquer persoa física ou xurídica que cumpla os seguintes requisitos:

4.1.- Entidades:

- a) Que a sede social se encontre en Outeiro de Rei, desenrrolándose., prioritariamente, o exercicio da súa actividade neste Municipio e atopándose inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, no Rexistro Municipal de Asociacións ou de Veciños. Excepcionalmente eximirase de cumprir dito requisito ás asociacións ou entidades que a xuício do órgano competente desenrrolem labores de reconocido e marcado carácter educativo, deportivo, cultural ou benéfico, e as Comisións de Festas xurídicamente constituídas así como aquelas nas que concurran os presupostos establecidos no artigo 11.3 da Lei 38/2.003, de 17 de novembro.
- b) Que se encontren constituídas sen ánimo de lucro.
- c) Que poidan acreditar documentalmente atoparse ó corrente das súas obrigacións fiscais e de Seguridade Social, á data da solicitude da subvención.
- d) Haber xustificado as subvencións concedidas en ocasións anteriores polo Concello de Outeiro de Rei, a través de calquer Área do mesmo.

4.2.- Persoas físicas: Deberán estar empadroadas en Outeiro de Rei e presentar a documentación que para cada tipo de axudas se estableza nestas Ordenanzas e nos acordos ou resolucións que se dicten ó respecto polo Concello.

Art. 5.- Modalidades e actividades obxecto de subvención:

Establécense os seguintes tipos de subvención:

Procedemento en réxime de concurrencia competitiva.- O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concurrencia competitiva. A estos efectos terá a consideración de concurrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto a proposta de concesión formularase ó órgano concedente pola Xunta de Goberno Local.

Procedemento de concesión directa.- Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a. As previstas nominativamente no presuposto municipal (ANEXO II), nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.



Concello de Outeiro de Rei

- b. Aquelas cuio outorgamento ou cuantía veña imposto á Administración por una norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c. Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Que figuren no presuposto municipal desta forma non significa, sen embargo, que o beneficiario teña dereito á súa percepción, senon unicamente o importe máximo de subvención que poida outorgarlle o Concello. En todo caso precisarase a adopción de acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a cuantía e as condicións en que se concrete a subvención.

Inclúense neste apartado as subvencións a outorgar a:

- Os organizadores de festas que se celebren nas diferentes parroquias do municipio.
- As Entidades ou asociacións deportivas, culturais, xuvenís e educativas con sede no término municipal de Outeiro de Rei.
- As asociacións de veciños de carácter temporal, constituídas sen personalidade xurídica propia coa única finalidade de promover determinadas obras ou servicios.
- As reguladas para os beneficiarios do servizo de axuda a domicilio, de conformidade co informe da Traballadora Social do Concello.

En ningún caso, se poderán outorgar subvencións por cuantía superior á que se determine na convocatoria.

No suposto de auxilios contemplados no Servizo de Axuda a Domicilio, estarase ó que dispón o Regulamento de Servizo.

Art. 6.- Criterios de Valoración:

Para a concesión das subvencións, e en orde de fixar a cuantía das mesmas, valorarase a maior ou menor concurrencia na solicitude presentada, das seguintes condicións, según se trate de:

- A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia a desenrollar a actividade e programa proposto.
- A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiación, así como os medios económicos con que conte a mesma, en relación co importe solicitado como subvención.
- A orixinalidade do programa ou actividade a desenrollar.
- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiarias coa realización do programa ou actividade.
- A viabilidade técnica e económica do programa e das actividades proxectadas.
- Aqueles outros que polas peculiares características do acto ou programa que se trate, se aprecien polo órgano resolutor.

Non obstante, estes criterios de valoración rexirán unicamente en defecto dos criterios de valoración que se recollan nos anuncios de convocatoria de cada subvención.



Concello de Outeiro de Rei

Art. 7.- Documentación a presentar:

1.- As solicitudes dirixiranse á Alcaldía, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

2.- As Entidades deberán acompañar á solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do D.N.I. da persoa firmante da solicitude.
- b) No seu caso, fotocopia do C.I.F da entidade xurídica beneficiaria da solicitude.
- c) Proxecto da actividade concreta ou programa a desenrrolar, no que se especifiquen os obxetivos, participantes, datas e lugar de celebración.
- d) Presuposto Detallado de ingresos e gastos, con indicación dos medios financeiros previstos (cotas, donativos, ...).
- e) Declaración xurada do representante da entidade relativa á identidade dos membros do seu órgano directivo e sobre o número de socios.
- f) Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse o corrente das súas obrigacións fiscais, de Seguridade social.

No suposto concreto de subvencións de axuda á escolarización, a documentación a presentar xunto coa solicitude será a seguinte:

- a) Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- b) 2. Certificados de empadramento no Concello de Outeiro de Rei de, ó menos un dos pais e do escolar.
- c) 3. Copia do libro de familia.
- d) 4. Certificado emitido pola entidade bancaria de titularidade da conta corrente donde efectuar, no seu caso, o ingreso.

No suposto de auxilios contemplados no Servicio de Axuda a Domicilio, estarase ó que dispón o Regulamento de Servicio.

Se as solicitudes non reunisen os datos esixidos ou non viñeran acompañadas da documentación reseñada, requirirase ó interesado que no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte á recepción da petición, subsane as deficiencias, advertíndolle que, en caso contrario, desestimarase a súa solicitude de subvención por defectos de forma.

Art, 9 .- Prazo de presentación de solicitudes.-

As instancias solicitando as subvencións deberán presentarse no Rexistro Xeral del Concello no prazo máximo de un mes dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes presentadas fora do prazo reglamentariamente establecido poderán non ser tidas en conta na resolución do correspondente expediente de concesión. No suposto de que os créditos presupostarios autorizados non fosen suficientes para atender a tódalas solicitudes presentadas e que reúnan todas as condicións fixadas para o outorgamento da subvención, o crédito dispoñible comprometerase a favor das subvencións presentadas en prazo, e únicamente no suposto de que existan remanentes de crédito, entrarase a valorar as solicitudes extemporáneas por orden de presentación.

Os servizos municipais terán a disposición do público modelos normalizados de solicitude, cúa expedición e entrega terá carácter gratuito para os interesados.



Concello de Outeiro de Rei

Art. 10.- Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo Concello así como calesquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes aportando tanta información lle seña requerida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ó órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se conoza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine.
- F. Dispoñer dos libros contables, estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Adoptar as medidas de difusión do feito de que a actividade se encontra subvencionada polo Concello de Outeiro de Rei que se determinen na convocatoria.
- I. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos en supostos de mal uso.
- J. Aceptar a subvención; no caso de que isto non fose posible, deberá renunciar a ela, expresa e motivadamente, no prazo de quince días hábiles contados a partir da recepción da notificación de concesión de subvención. O mesmo prazo rixe para a aceptación expresa da subvención.

Art. 11.- Xustificación da subvención:

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais correspondentes, nun prazo inferior ós 3 meses dende a finalización do programa ou actividade subvencionado e, en todo caso, antes do 15 de decembro do ano en curso, a seguinte documentación:

1.- Memoria explicativa das actividades realizadas, salvo nas subvencións relativas á escolarización ou as outorgadas polos servizos sociais municipais.

2.- Facturas orixinais e fotocopia das mesmas, ó obxecto da súa comprobación polos Servizos Municipais devolvéndose posteriormente os orixinais ó petionario. A estes efectos as facturas deberán estar debidamente conformadas (datadas no exercicio económico para o que se concedeu subvención, conter o número de identificación fiscal do preceptor, selos e firmas dos suministradores). Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos ós que se concedeu a subvención.



Concello de Outeiro de Rei

3.- Un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada en/o para o desenrolo da actividade subvencionada, debendo constar en tales exemplares o patrocinio do Concello de Outeiro de Rei.

4.- Fotocopias dos acordos de concesión de axudas económicas por outras Institucións se non puideran aportarse no momento da solicitude da subvención ante esta Corporación.

5.- No caso de que non se houbera gastado total ou parcialmente a subvención concedida ou non se houbera destinado ós fins previstos, deberá reintegrarse ás arcas municipais.

6.- Cando se realicen pagos a Entidades que teñan que presentar declaración do I.V.A. a xustificación deberá vir acompañada da correspondente factura ou duplicado da mesma.

7.- Declaración xurada expedida polo preceptor, de que foi cumprida a finalidade para a que se otorgou a subvención conforme ó proxecto presentado.

Admitiranse, a maiores, calquer outra documentación que se poida pedir para a mellor xustificación do gasto, ou calquera outra da que se derive a realización da actividade (notas de prensa, ...).

Art. 12.- Réxime sancionador:

En todo o que respecta ó réxime sancionador estarase ó disposto na Lei 38/2.003 Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMERA.- O órgano competente para o otorgamento da subvención realizará o oportuno seguimento das actividades subvencionadas, puidendo solicitar en calquer momento, as explicacións ou documentación que considere oportunas.

SEGUNDA.- Será competencia da Alcaldía a interpretación e resolución das dudas que da presente Ordenanza puideran resultar.

TERCERA.- No suposto de que a entidade beneficiaria se disolva con anterioridade á data na que teñen a obriga de presentar a pertinente xustificación aplicarase o disposto no artigo 19 da Lei 31.988, de 12 de febreiro de Asociacións.

CUARTA.- A concesión das subvencións a que se refiren as presentes bases non implicará relación contractual algunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquer outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

QUINTA.- Quedan excluídas destas bases as subvencións que puidera otorgar o Concello de Outeiro de Rei e tiveran o seu fundamento en convenios ou decisións específicas suscritas entre o Concello e outras Administracións Públicas ou Institucións de todo tipo.